

Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O estado de moitas das estradas provinciais é moi malo cando non pésimo, por falta de mantemento adecuado e continuo. Así o puxo de manifesto o Grupo Provincial do Partido Popular recentemente nunha moción para reclamar a mellora de vías da Deputación, presentada na anterior sesión plenaria e rexeitada polo goberno provincial. A realidade non se pode esconder e os feitos son teimudos. Días pasados, un autobús escolar quedou atrancado na estrada LU- P – 1803 "Caporramiro (LU – P- 1801) Vilauxe – Castro de Carballedo (LU –P- 1001)", no Concello de Carballedo, no lugar de Castro, debido a que a vía se atopa en condicións peor que malas.

A vista do exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao goberno provincial que atenda as solicitudes dos veciños e do Concello de Carballedo e proceda a mellorar as vías da súa titularidade neste municipio e na comarca da que forma parte.

O que se traslada aos efectos oportunos en Lugo, a 23 de febreiro de 2021.

Asdo.: Javier Jorge Castiñeira
Voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular

SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Escaneado con CamScanner

	IV7H4TQ4BM7CLHRPSEVUNYHGIU	Fecha y Hora	23/02/2021 09:07:21
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7H4TQ4BM7CLHRPSEVUNYHGIU	Página	1/1

